



Cribado neonatal de la hiperplasia suprarrenal congénita. Revisión sistemática.

Este documento realizouse o amparo do convenio de colaboración suscrito polo Instituto de Salud Carlos III, organismo autónomo do Ministerio de Economía e Competitividade, e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, no marco do desenvolvemento de actividades da Red Española de Axencias de Avaluación de Tecnologías e Prestaciones do SNS, financiadas polo Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade.

Os programas de cribado neonatal teñen como obxectivo a

identificación presintomática e o tratamento precoz dos trastornos endócrinos e metabólicos conxenitos tratables, para reducir a morbitimortalidade e as posibles minusvalideces asociadas a esas enfermidades. A maioria destes trastornos non se manifestan clinicamente no momento do nacemento,

pero se non son diagnosticados e tratados poden ter consecuencias clínicas moi graves. Non obstante, non se debe iniciar o cribado neonatal dunha enfermidade se as vantaxes da detección precoz para o neonato non

están claramente definidas e sen que haxa garantías dun axeitado diagnóstico, seguimento e tratamiento para todos os nenos detectados por parte do sistema sanitario asistencial. Ademais, débese garantir o acceso equitativo

e universal de todos os recién nacidos da población diana, coa correcta información aos pais para a axuda á toma de decisións.

O presente informe de evaluación xorde a petición da Comisión de Prestaciones, Aseguramiento e Financiación dependente do Consello Interterritorial do Sistema

Nacional de Saúde (CISNS) por proposta da Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma de Galicia.



Links relacionados

- [Texto completo](#)
- [Resumo](#)
- [Exportar cita](#)